



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 1414/1102

### **ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 05 DE ABRIL DE 2023.**

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: actas das sesións extraordinaria e urxente do 27 de marzo e ordinaria do 31 de marzo de 2023.

#### ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

- 2.- Prórroga do contrato do servizo de actualización, soporte e mantemento do xestor documental alfresco 2020-2025. Expte. 10072/113.

#### BENESTAR SOCIAL

- 3.- Resolución de recursos potestativos de reposición (Acordo XGL 09.12.2022: «Programa municipal de axudas municipais escolares para libros e comedor 2022-2023»). Expte. 234480/301.

#### CONTRATACIÓN

- 4.- Adxudicación da contratación das obras do proxecto de “Mellora do contorno do calexón Balado”. Expte. 1368/441.

#### EDUCACIÓN

- 5.- Prórroga do contrato de servizos para a xestión das Escolas Infantís Municipais “Tomás Alonso” e “Bouzas”. Expte. 21847/332.

#### SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA

- 6.- Subvención nominativa, mediante un convenio entre o Concello de Vigo e a “Fundación Carlos Casares”, para a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2023. Expte. 4848/330.

#### SERVIZOS XERAIS

- 7.- Proposta de aprobación do proxecto modificado nº 1 das obras de “Humanización e mellora da accesibilidade da rúa Talude”. Expte. 941/441.

- 8.- Rogos e preguntas.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **05 de abril de 2023, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e,

de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

SGF/if.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez